

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

O GAÑADOR COÑECERASE EN XUÑO

Anxos Sumai, Rexina Vega e Rábade Paredes, finalistas do 'San Clemente'

Os alumnos do IES Rosalía de Castro de Compostela elixiron tamén a Mankell, Updike e Barnes entre os novelistas de fóra do Estado Español.

Redacción - 09:57 03/04/2008

Os premios de narrativa 'San Clemente' teñen a particularidade de que o xurado está composto por alumnos de secundaria do instituto compostelán Rosalía de Castro, xunto con outros catro centros de todo o país, un por provincia. Na categoría de novela en galego, foron seleccionados finalistas *Así nacen as baleas* de [Anxos Sumai](#), *Cardume* de [Rexina Vega](#) e *Mentres a herba medre* de [Xesús Rábade Paredes](#).

Tamén se elixe unha novela en castelán, unha categoría na que os finalistas son *Hoy Júpiter* de Luis Landero, *Crematorio* de Rafael Chirbes, e *La muerte lenta de Luciana B.* de Guillermo Martínez. Finalmente, outro premio escolle obras recentes de autores de fóra do Estado Español editados en galego ou castelán; os candidatos son *Arthur e George* (Rinoceronte) de Julian Barnes, *Terrorista* (Xerais) de John Updike, e *Zapatos italianos* (Tusquets) de H. Mankell. Os gañadores, que recibirán un premio de nove mil euros, coñeceranse en xuño.

Gañadores de prestixio

O pasado ano os gañadores foron María Reimóndez en galego (*O club da calceta*), Vicente Molina Foix (*El abrecartas*) en castelán, e Haruki Murakami (*Kafka en la orilla*) na categoría de fóra do Estado. En edicións anteriores, este premio contou entre os seus gañadores con autores de prestixio como Isidro Novo, Javier Cercas e Abraham Yehohua (2006), Teresa Moure, Álvaro Pombo e Melania G. Mazzucco (2005), Pilar Buela, Carlos Fuentes e Jeffrey Eugenides (2004), ou Almudena Grandes, Jonathan Coe e Rosa Aneiros (2003).